

Boletín 1

1º Proba II Liga Galega de Trail-O



Acibal, 25 Xuño 2022



Información Xeral/Competición

Organízase a 1º proba da 2º liga galega de Trail-O 2022. A proba será organizada polo Club AROMON de Pontevedra o día 25 de xuño de 2022. Dita competición terá lugar no [Monte Acibal](#), pertencente aos concellos de Moraña, Campo Lameiro, Barro e Pontevedra.



A proba será en formato Pre-O con saída individual e unha primeira proba de control cronometrado de 3 desafíos, sen opción incorrecta, é dicir, non hai “Z”. A partir de aí continuará un percorrido lineal con 17 desafíos, neste percorrido sí que haberá a posibilidade de opción “Z”. O participante terá que seguir en todo momento o trazado marcado no mapa.

O resultado da proba de trail-o virá determinado polas respostas acertadas no percorrido lineal, 1 punto por cada acerto e 1 punto de penalización por cada 5 minutos excedidos do tempo límite de competición. En caso de empate de puntuación a clasificación virá determinada pola puntuación acadada na proba cronometrada, onde o tempo invertido terá unha penalización de 60” por cada resposta errada.

A competición estará regulada por:

1. [Regulamento de orientación FEGADO.](#)
2. Anexos do anterior regulamento citado.
3. [Normas anuais FEGADO TRAIL-O.](#)
4. A proba traballará baixo o [protocolo FISICOVID-DXT GALEGO de FEGADO](#) na súa especialidade de Trail-O, validado pola Secretaría Xeral para o deporte, [actualizado en febreiro de 2022](#) e en [maio de 2022.](#)

Para o non contemplado, aplicaranse as normas xerais da [FEDO](#) e [IOF](#).

Normas da Proba:

1. Será de **obriga** levar visible por diante o dorsal oficial da liga galega de orientación 2022. No caso de que un participante se presente **sen dorsal oficial non poderá tomar a saída**. A organización porá a disposición dos participantes dorsais oficiais en branco en secretaría cun prezo de 3€.


2. Deberase circular en todo momento pola beirarrúa do lateral esquerdo na dirección de marcha, o trazado da proba facilitará o cumprimento desta norma. Aínda que a estrada utilizada non é de elevada circulación, temos que ter en conta que non estará pechada ao tráfico.

Centro de competición

O centro de competición estará situado en **O Pastizal**, nas coordenadas [42°30'54"N 8°35'21"W](#), con **acceso obrigado pola EP-0018** e aparcamento na explanada próxima ao centro de competición. No mesmo centro de competición non haberá dispoñibilidade de duchas nin WC.

O Acibal comparte terreos dos concellos de Barro, Pontevedra, Campo Lameiro e Moraña, situándose nunha franxa de 15'-30' dos núcleos destes concellos.

Queda prohibido o acceso ao recinto marcado de cor laranxa no seguinte mapa dende o momento de publicación do presente boletín.



Programa do evento

<i>Domingo 19 de Xuño</i>
Finaliza a inscrición ás 23:50.
<i>Xoves 23 de Xuño</i>
Publicación das horas de saída.
<i>Sábado 25 de Xuño</i>
10:00 Apertura secretaría en Acibal 10:30 Saída dos primeiros orientadores 14:00 Peche de meta de Trail-O (Saída do sol 6:59)

Categorías

NON OFICIAL

Open-Iniciación: Sen límite de idade, sexo ou condición física. Federados/as ou non federados/as

OFICIAIS

Open-Élite: Sen límite de idade, sexo ou condición física. Só federados/as

Paralímpica: Sen límite de idade, sexo ou condición física. Necesario ter en vigor o certificado de elexibilidade da IOF. Só federados/as

Cronometraxe

A competición funcionará con pinza tradicional, entregaráselle unha a cada participante no momento no que tome a saída ao percorrido lineal.

Información técnica

Lugar de competición: O Pastizal de As Brañas é un extenso prado con gando, cercado na súa totalidade. Existen pequenos bosques illados así como zonas rochosas. Dentro do mapa se atopa o curro onde se celebra a Rapa das Bestas no mes de xullo.

Descrición do terreo

Terreos pantanosos abertos combinados con zonas de bosque e vexetación máis densa.

<i>Escala</i>	<i>Equidistancia</i>	<i>Distancia (m)</i>	<i>NºControis</i>	<i>Tempo Máximo</i>
1:4000	5m	2100	17	114'

Inscricións

As inscricións terán un custo de 7€ para federados e 10€ no caso de non federados. Non se darán por formalizadas ata realizar o ingreso bancario, o cal xustificárase enviando unha copia do pago da transferencia, a dirección de correo electrónico: aromon@aromon.es

Os clubs serán responsables do pago das inscricións dos seus socios, farán un único ingreso bancario co importe total e como concepto figurará "**TrailO+nome do club**". Os participantes independentes deben poñer no concepto "**TrailO+nome do participante**"

Datos bancarios:

Beneficiario: **Club AROMON**

Banco: **CAIXA RURAL GALEGA**

IBAN: **ES27 3070 0047 9362 6495 0129**

COD. BIC/SWIFT: **BCOESMM070**

Para solicitar factura: aromon@aromon.es.

Equipo de Organización

Organiza: Club AROMON Pontevedra

Director da Proba: Javier Alvelo Fraguela

Director Técnico: Ángel Álvarez Serto

Director de Loxística: Manuel Beloso García

Técnico SportIdent: Mónica Figueroa Leiro

Xuiz Controlador FEGADO: Alfonso Rosado Frade

Contacto

Director: opie@aromon.es

Secretaría Pagos: aromon@aromon.es

Teléfono: + 34 609713646 (Mércores, xoves e venres en horario 20:30-21:30)

Web: www.aromon.es

Patrocina/Colabora



| **Vepersa**



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**



**Concello
de Pontevedra**



**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**